

# CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Telé/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello  
de Meira

## DECRETO DO NÚM. 65/2022 DO ALCALDE DO CONCELLO DE MEIRA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA “REVITALIZA MEIRA 2021” EN APOIO AOS SECTORES ECONÓMICOS AFECTADOS POLA CRISE SANITARIA PROVOCADA POLO COVID-19 DURANTE O ANO 2021.

Vista a documentación existente no expediente e tendo en conta o informe da Secretaria-Interventora, resultan relevantes os seguintes:

### I- FEITOS:

Primeiro.- A situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 levou consigo a obriga de pechar de maneira total a hostaleira durante os primeiros meses do ano 2021. Asemade, por parte das autoridades sanitarias, tomáronse medidas de limitación de aforo nos locais coa finalidade de evitar a propagación deste virus.

Segundo.- O Concello de Meira consciente desta situación e dentro das súas competencias como administración, tomou conciencia da situación, articulando un procedemento para a concesión de subvencións a aquelas persoas e entidades do tecido hostaleira municipal e mediante a concesión dunha liña de axudas.

Terceiro.- Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Meira de data 28 de xuño do 2021 prestouse aprobación a esta liña de axudas denominada “Revitaliza Meira 2021” destinadas a paliar o impacto económico, social e laboral, provocado pola crise sanitaria da COVID-19 e cun importe global de 18.000,00 €. Asemade, tratábase dunha liña de financiamento incluída no Plan Único da Deputación de Lugo para o ano 2021.

Cuarto.- Examinada a documentación presentada polas persoas solicitantes, procedeuse á cuantificación das subvencións a outorgar en función do importe solicitado, sector de actividade no que se desenvolve a actividade comercial e a documentación achegada para poder valorar cada situación particular.

Quinto.- Por parte da Secretaria-Interventora emítense informe proposta no expediente.

### II- FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

**Primeiro.-** O artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, sinala que:

*“O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal”*

**Segundo.-** O artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia sinala que:

*“O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias:*

*g) Abastos, matadoiros, feiras, mercados e a defensa de usuarios e consumidores.”*





**Terceiro.-** O outorgamento de subvencións por parte das entidades locais, como actividade de fomento daquelas cuestións de interese xeral que ao Concello de Meira lle interesa estimular, está prevista e regulada no título II do Regulamento de servizos das entidades locais, de 17 de xuño de 1955.

**Cuarto.-** A Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, sinala no artigo 25 ao respecto da resolución da concesión das subvencións, que:

*“1. Unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, e de acordo co previsto no artigo 89 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e, no seu caso, na correspondente norma ou convocatoria, o órgano competente resolverá o procedemento.*

*2. A resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención debendo, en todo caso, quedar acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.*

*3. A resolución, ademais de conter o solicitante ou relación de solicitantes aos que se concede a subvención, fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes.*

*4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto na normativa da Unión Europea. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que a mesma pospoña os seus efectos a unha data posterior.*

*No suposto de subvencións tramitadas por outras Administracións públicas nas que corresponda a resolución á Administración Xeral do Estado ou ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes desta, este prazo computarase a partir do momento en que o órgano outorgante dispoña da proposta ou da documentación que a norma reguladora da subvención determine.*

*5. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.”*

**Quinto.-** O artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, sinala que:

*“As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei que afecten a gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.”*

**Sexto.-** No Orzamento xeral de gastos do Concello de Meira para o ano 2022 existe crédito na aplicación orzamentaria 439.479 por importe de 18.000,00 € unha vez que foi incorporado o





## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Telé/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello  
de Meira

crédito do exercicio 2021 e se atopaba o gasto en fase de compromiso de gasto, trala xeración de crédito pola subvención concedida pola Deputación de Lugo ao abeiro do Plan Único. Este crédito estímase suficiente para afrontar o gasto proposto para a concesión das subvencións do programa "Revitaliza Meira 2021".

**Sétimo.-** En canto ao órgano competente para autorizar e comprometer o gasto que se propón, o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, sinala que é competencia do Alcalde entre outras a de:

*"f) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no artigo 158.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, sempre que aquelas estean previstas no Orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10 por cento dos seus recursos ordinarios, salvo as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordenar pagos e render contas; todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais."*

**Oitavo.-** Por Decreto do Alcalde do Concello de Meira número 227/2019, de data 27 de xuño do 2019 (BOP de Lugo número 160 do 13 de xullo do 2019), procedeuse á delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, entre outras a da xestión económica e nos seguintes termos:

*"O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado, a disposición de créditos orzamentarios, agás no caso de gastos de persoal por contía superior a 20.000 €, a concesión de axudas e subvencións nos termos fixados nas Bases de execución do orzamento, deste xeito, as distintas fases na execución de gastos que non sexan competencia do Pleno."*

Non obstante, para aqueles importes que non exceden dos 20.000,00 €, a competencia corresponde ao Alcalde por Decreto.

En uso das competencias atribuídas pola lexislación vixente en materia de réxime local,  
**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Recoñecer a obriga do Concello de Meira e con cargo á aplicación orzamentaria 439.479, destinada a "outras actuacións sectoriais-subvencións a empresas privadas" e derivadas da convocatoria de subvencións para persoas titulares de establecementos e actividades económicas afectadas pola crise derivada do COVID-19 para denominada "Revitaliza Meira 2021", para as persoas e cantidades que a continuación se relacionan:

Beneficiario	Importe (euros)
***7507**	1.000,00
***7800**	1.000,00
***3655**	1.000,00



## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Telé/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello  
de Meira

***6259**	1.000,00
***2585**	1.000,00
***4401**	1.000,00
***4392**	1.000,00
***4983**	1.000,00
***1011**	1.000,00
***3767**	1.000,00
***0654**	1.000,00
***1916**	1.000,00
***1916**	1.000,00
***3564**	1.000,00
TOTAL	14.000,00

**Segundo.-** Ordenar o pagamento da axudas individuais sinaladas no punto anterior na conta bancaria que as persoas solicitantes designaran ao efecto.

**Terceiro.-** Denegar a solicitude da subvención as persoas que a continuación se relacionan ao non atoparse ao corrente coa facenda municipal:

\*\*\*1403\*\*

**Cuarto.-** Notificarlle a todas as persoas sinaladas anteriormente a concesión ou denegación das axudas solicitadas.

**Quinto.-** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde-Presidente, en Meira, ante min, a Secretaria que dou fe.

Meira, 16 de febreiro de 2022

A secretaria accidental

Pilar Rozas Alonso

O alcalde

Antonio de Dios Álvarez

Documento asinado electrónicamente



Cód. Verificación: SW56M4XXJQWAMKYCJ6GTFR4C9T1 | Corrección: <https://meira.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 4 a 4